



PROXECTO de Orde do...de....de 2019 pola que se modifica a Orde do 17 de xuño de 2017 pola que se regulan os intercambios provisionais de prazas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en centros dependentes desta consellería (código ED002A) (*Diario Oficial de Galicia* nº124, do 30 de xuño)

No *Diario Oficial de Galicia* nº124, do 30 de xuño de 2017 publicouse a Orde do 17 de xuño de 2017 pola que se regulan os intercambios provisionais de prazas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en centros dependentes desta consellería (código de procedemento ED002A).

A experiencia derivada da aplicación desta orde aconsella modificar o artigo 4 para reducir o prazo de presentación de solicitudes de intercambio provisional de praza cando a adxudicación definitiva de destinos provisionais se publica na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (www.edu.xunta.gal) antes do 2 de setembro de cada ano e coa finalidade de que as persoas interesadas poidan coñecer se se lle autoriza o intercambio provisional con anterioridade ao comezo do curso académico. Así mesmo, modifícase ademais a disposición adicional segunda da Orde do 17 de xuño de 2017 para cumprir co deber de información ás persoas afectadas establecido polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 e 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En consecuencia,

ACORDO:

Artigo único. Modificación da Orde do...de....de 2019 pola que se modifica a Orde do 17 de xuño de 2017 pola que se regulan os intercambios provisionais de prazas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en centros dependentes desta consellería (código ED002A)

Un. O artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

“Artigo 4. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da resolución de adxudicación definitiva de destinos provisionais para o curso académico correspondente na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (www.edu.xunta.gal). Cando a publicación na páxina web da resolución de adxudicación definitiva de destinos provisionais para o curso académico correspondente sexa posterior ao 2 de setembro, o prazo será de catro días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución.”

Dous. A disposición adicional segunda queda redactada nos seguintes termos:

“Disposición adicional segunda. Información básica sobre protección de datos persoais.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicacións institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.”

Tres. Modifícase o Anexo I que queda redactado nos termos en que se publica xunto con esta orde.

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

Santiago de Compostela,de.....

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo